



Ordenanza Fiscal núm. 03,

reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e
realización de actividades administrativas



ORDENANZA FISCAL NÚM. 03,

REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E DE DETERMINADAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS

Artigo 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades conferidas pola letra c) do artigo 22 dos Estatutos deste Consorcio aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (Diario Oficial de Galicia número 154 de 12 de agosto de 2002), artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como de conformidade co disposto polos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e dentro do marco establecido pola letra a) do parágrafo 4 do artigo 20 dese mesmo texto legal, esta Entidade establece e aproba a ordenación e imposición do tributo regulamentado nesta ordenanza, establecéndose a <<taxa pola expedición de documentos administrativos e determinadas actividades administrativas>> que quedará rexida pola presente Ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Sobre a base da regulación contida na letra a) do parágrafo 4 do artigo 20 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible da taxa regulamentada pola presente Ordenanza, a realización de determinadas actividades e prestación de concretos servizos a instancia de particulares, por persoal ó servizo do Consorcio, e que se refiran, afecten ou beneficien, de xeito particular, ó suxeito pasivo, e que, foran, ademais, solicitadas ou instadas, polo mesmo.
2. Actividades e servizos que se inclúen:
 - a) Expedición de copias simples, copias validadas ou dilixenciadas de calquera documento que pola súa natureza fora susceptible de solicitude.
 - b) Expedición de informes emitidos pola xerencia ou certificación dos mesmos, en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio e documentos e/ou fotografías das mesmas.
 - c) Emisión de fotocopias en xeral non incluídas nos apartados anteriores.
 - d) En expedientes que tramite o Consorcio, os bastanteos de poderes pola Secretaría da Entidade, nos que tal extremo se requira.

Artigo 3. Suxeito pasivo e substituto do contribuínte.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa nos termos descritos polo apartado 1 e 2 do artigo 36 da Lei Xeral Tributaria, e en concepto de contribuíntes quedando obrigados ó pago daquela, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que fai referencia o artigo 23 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados polos servizos e actividades ás que fai referencia o apartado 2 do Artigo 2 da presente ordenanza.
2. Terán a condición de substitutos do contribuínte nos termos descritos polo apartado 3 do citado artigo 36 da Lei Xeral Tributaria, os suxeitos ós que fai referencia a letra a) do parágrafo 2 do artigo 23 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Artigo 4. Cota tributaria.

De conformidade co previsto polo parágrafo 3 do artigo 24 do devandito Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a cota tributaria consistirá na cantidade resultante da aplicación das tarifas seguintes:



NÚMERO	CONCEPTO	CUSTO UNITARIO
1	Por expedición de copias simples en soporte- papel sobre documentos do Consorcio susceptibles da mesma	0,50 € cada folla
2	Por emisión de informes evacuados pola xerencia en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio	35,00 € cada informe
3	Por emisión de informes evacuados pola xerencia en materia de intervencións realizadas polos Parques do Consorcio que requiran desprazamento posterior ós feitos.	95,00 € cada informe
4	Por fotografías requiridas acompañando ós informes citados non números 2 e 3 anteriores	3,00 € cada fotografía
5	Por expedición de certificados de informes incluídos nos números 2 e 3	Incremento do custo de cada un en 2,00 €
6	Por expedición de copias compulsadas dos informes incluídos nos números 2 e 3	Incremento do custo de cada un en 1,00 €
7	Por expedición de copias compulsadas de documentos do Consorcio susceptibles da mesma non incluídos os informes do nº 2,3, 4, 5 e 6	1,00 € cada folla
8	Pola remisión de calquera dos documentos anteriores (números 1 ó 7) e seguinte mediante correo certificado ou ordinario	4,50 € por cada remisión
9	Bastanteo de poderes por Secretaría	35,00 € cada poder bastanteado

Artigo 5. Exencións, bonificacións e declaración expresa de compatibilidade.

1. Non se concederá exención nin bonificación ningunha no pago da taxa.
2. De conformidade co disposto polo artigo 22 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a taxa regulamentada por esta ordenanza é compatible cos contribucións especiais establecidas pola Ordenanza reguladora de Contribucións Especiais pola Mellora da prestación do Servizo de Extinción de Incendios (Unespa), aprobada polo Consorcio en 24 de marzo de 2004.

Artigo 6. Xeración do tributo, solicitude e pago.

1. A taxa queda xerada e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude da que figura o modelo no Anexo I desta ordenanza, que inicie a actuación por parte da Administración que, non será realizada nin tramitada se non se efectuou o pago do importe que resulte da taxa polo suxeito pasivo. Para o caso no que, na tramitación dos expedientes de contratación ou calquera outro tramitado polo Consorcio no que se requira a presentación de poderes bastanteados, e se fixera como corrección pola Secretaría do Consorcio por carecer dese extremo a documentación presentada polo/s interesado, se esixirá, en todo caso, a este, o pago da taxa como beneficiario, sen prexuízo da continuación na tramitación do concreto expediente.
2. Segundo se expresa no artigo 8 desta ordenanza, o pago da taxa poderá facerse directamente a persoal do Consorcio, no momento da entrega da documentación solicitada ou ben, mediante o ingreso do seu importe na/s Entidade bancaria que ó efecto se comunique ó suxeito pasivo, neste último caso, comprobada a efectividade do ingreso ó favor do Consorcio, será remitida ou, no seu caso, entregada persoalmente, a documentación que deu orixe á xeración da taxa.

Artigo 7. Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que fan referencia os artigos 41 e seguintes da xa citada Lei Xeral Tributaria.



Artigo 8. Xestión e ingreso.

1. A realización dos servizos ou actividades os que fai referencia esta taxa, levaranse a cabo a instancia de parte, incluíndo as correccións que respecto ó número concepto número 9 que figura no artigo 4 desta ordenanza, podan realizarse ó longo dun proceso de licitación ou doutro distinto no que quedara esixido tal requisito.
2. A xestión tributaria se levará a cabo pola forma de auto- liquidación dos obrigados tributarios que se realizará cumprimentando os datos que correspondan segundo o Modelo que figura no Anexo II desta Ordenanza, e onde ditos obrigados ademais de comunicar ó Consorcio, os datos necesarios para a liquidación do tributo e outros de contido informativo, realizan por si mesmos as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar e ingresar o importe da débeda tributaria ou, no seu caso, determinar a cantidade que resulte a devolver ou compensar.
3. As auto- liquidacións presentadas polos obrigados tributarios poderán ser obxecto de verificación e comprobación polo Consorcio que, practicará, no seu caso, a liquidación que proceda. En todo caso, e para os fins de realización da autoliquidación os efectivos do Consorcio colaborarán e prestarán ós obrigados tributarios, a colaboración e información que precisen.
4. No que toca ó procedemento de devolución derivada da presentación de auto- liquidación, seguirase o disposto a estes efectos polos artigos 123 a 127 da Lei Xeral Tributaria.
5. Os modelos de solicitude e auto- liquidación citados nos artigos 6.1 e 8.2, respectivamente, e que figuran nos Anexos I e II, quedan aprobados polo órgano competente con ocasión da aprobación da ordenanza da que forman parte.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como as sancións que ó efecto leven aparelladas, se estará ó disposto polos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 10. Dereito supletorio.

1. Para todo o non previsto na presente Ordenanza, estarase ó disposto ó efecto, polas normas do vixente ordenamento xurídico de aplicación, en especial, ó Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; á Lei 8/1989, de Taxas e Prezos Públicos; á Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria; á Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria (dentro do marco regulado na súa Disposición final quinta) e, no intre da vacatio legis desta última e nos termos que cita a súa Disposición derogatoria única, ó texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria aprobada polo Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.
2. Así mesmo, serán de aplicación o resto das normas do ordenamento xurídico que derroguen ou modifiquen ás vixentes no momento de se aprobar a presente ordenanza o durante a vixencia da mesma.

Disposición final. Ordenación, entrada en vigor e vixencia.

1. A ordenación e imposición do tributo regulado pola presente ordenanza e, esta mesma, levouse a cabo mediante acordo adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2004.
2. Nos termos establecidos polo parágrafo 4 do artigo 17 do repetido Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente o texto da mesma xunto co seu acordo de imposición e aprobación no "Boletín Oficial" desta provincia, e



permanecerá vixente de forma indefinida, ata as súas expresas derogación ou modificación, comprendendo dentro destas, calquera modificación no ordenamento xurídico de superior xerarquía que a fagan inaplicable total ou parcialmente, segundo corresponda.

A Ordenanza fiscal que precede, aprobouna o Pleno do Consorcio, tal e como consta, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2004, e publicouse integramente xunto co dito acordo de aprobación no "Boletín Oficial" desta provincia número 35 do día 14 de febreiro de 2005.

ANEXOS:

1. Modelo de solicitude:

D^a. / D. _____ (nome e apelidos do interesado ou representante), co D.N.I. núm. _____ en nome propio ou na representación de _____ (no seu caso, persoa física ou xurídica á que representa) con domicilio a efectos de notificacións en _____ (rúa o praza, número, piso, porta) de _____ (localidade e provincia) con Código Postal _____ e teléfono de contacto _____ e Fax _____ (optativo),

SOLICITA:

A expedición da documentación seguinte _____ (descrición da actividade ou servizo dentro das recollidas polo artigo 4.2 da Ordenanza).

En _____, ____ de _____ de 20__.-

A/O SOLICITANTE;

Asdo.: _____

ILTMO. SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

2. Modelo de auto – liquidación:

AUTO -LIQUIDACIÓN DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E DE DETERMINADAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS (ORDENANZA FISCAL Nº 3)

DATOS DO SOLICITANTE - BENEFICIARIO:

Nome e apelidos:

Dirección:

Data da solicitude:

De acordo coa solicitude formulada presenta AUTO- LIQUIDACIÓN de Taxa, de conformidade co seguinte: (Cubrir os apartados segundo os números dos conceptos que figuran no art. 4 da Ordenanza)

NÚMERO	CUSTO UNITARIO	UNIDADES	TOTAL LIQUIDACIÓN

Total a ingresar: €, débeda definitiva.

FORMA DE INGRESO: (Marcar cun "X" a realizada)

- Directamente nas oficinas de recadación do Consorcio.
- Mediante ingreso na conta corrente núm. do Consorcio segundo recibo xustificativo do ingreso que se acompaña ó presente..

OBSERVACIÓNS:

Consonte dispón o artigo 8 da Ordenanza, non se expedirá e entregará a documentación solicitada ata en tanto non estea acreditado o pago.

RÉXIME DE INGRESOS INDEBIDOS:

Consonte dispón o art. 124 e concordantes da Lei Xeral Tributaria, para o caso de que fora preciso, o procedemento de devolución se iniciará mediante presentación ben doutra auto – liquidación da que resulte a contía, no seu caso, a devolver, ou mediante escrito- solicitude de comunicación de datos.

En, de de 20__

O OBRIGADO TRIBUTARIO,

Asdo.: